



Curas contra Franco. Unha memoria da Igrexa ferrolá de base

A foto que fala



Unha nena afgá asiste a clase ás aforas Jalalabad. Agora que empeza o curso non lle viría mal aos nosos alumnos/as pensar o afortunados/as que son e o difícil que o teñen outros/as. Se tomasen conciencia diso, cantos puntos non subiríamos no Informe PISA!

O trasno A marca España

Daniel López Muñoz



Non sei se os que botaron abaixo a candidatura de Madrid 2020 eran conscientes de que lle estaban dando un repaso ben dado á *Marca España*.

Non sabemos, certamente, se nesa decisión se pasaba recibo pola permissividade fronte á dopaxe, é dicir, pola cultura de que o triunfo, con trampa, vale igual ou máis, porque o importante é triunfar e, máis vale un listo que chega ca cen honestos que non. E non falamos só de deporte, evidentemente.

Non sabemos, tampouco, se lle estaban afeando á delegación a montaxe

dispendiosa desa aventura arxentina, jets privados pagados por construtores agradecidos (Florentino, por exemplo), hoteis de cinco estrelas pagados polos contribuíntes, paparotas no Hilton, unha cohorte de ministros, asesores a esgalla, alcaldes e alcaldetes, os achegados e achegadas, concelleiros e comparsistas. Só faltaba Urdangarín, que está de ano sabático. Non sabemos se nese inmenso e pouco *relaxing* ridículo ía incluída unha medida compasiva, algo así como: “xa fixestes abondas barbaridades con esas instalacións rematadas e en desuso, con eses “elefantes brancos”, co asunto dos fondos desviados para financiar o partido da vosa vida e, de paso, financiar directamente a vosa vida. Volvevede á casa e facede os deberes, os da austeridade por arriba e do reparto por abaixo, porque tedes case un terzo da xente no paro?”

O que si houbo foi unha pregunta, intelixente e elemental, dun xornalista Adesociated Pres, á folclórica alcaldesa. Formulada en inglés viña dicir: “Mire, está segura de que é unha boa decisión meterse nuns xogos olímpi-

cos cun 27% de paro, máxime cando está máis que demostrado que eses eventos nunca supoñen un empurrón para a economía?”

A Botella, alegre e locuaz, *descorchou*: “temos unhas infraestruturas rematadas e de gran calidade”. Home, podía dicir de paso: “E o Manzanares está limpo e con troitas” ou, a típica que vale para todo: “E alégrome de que me pregunte iso. Compartimos esa preocupación e estamos enriba dese asunto. Grazas, guapo?”

A xente está convencida de que a desconcertante resposta se debeu a que se fixo a machiña e non puxo os auriculares de tradución. Vaites, *not at all*. Se entendese algo, respondería igual. É o piñón fixo-mental. É unha maneira de entender a política social e económica: contra o paro, a desigualdade, o déficit e a ruína do estado social, ...grandiosas infraestruturas que non valen para nada. Coherencia total. Florentinos felices. Pura marca España.

Para que raios necesita Ana Botella un tradutor? Para entender as preguntas? E...que ?

Editorial Un país a monte é un país queimado

Resulta ben ilustrativo ir á hemerotecas e ver que dicían Rajoy, Feijoo e o PP na oposición durante a vaga de incendios de 2006, producida en circunstancias meteorolóxicas moi semellantes ás deste setembro de 2013.

Daquela os alcaldes populares de Cerdedo e Cangas, rodeando a Louzán, presidente da Deputación pontevedresa, acusaban á Xunta bipartita de falta de medios, invocaban con bágoas a dúas mulleres mortas e, ao fío desas mortes “politicamente favorables”; falaban dunhas posibles “comisión de autodefensa” que ademais “dun titular de prensa”; evidenciarían que “a Xunta – a do bipartito- elude as responsabilidades para apagar o lume”

Daquela tamén, coincidindo coa heroica foto de don Alberto coa mangueira de xardín en man, refrescando as brasas, don Mariano Rajoy dicía na prensa aquilo de que, adversidades meteorolóxicas aparte, “*en si-*

tuciones como esta es donde se mide la eficacia de los Gobiernos”. Nas de 2013, non se di o mesmo xa.

E non resulta menos ilustrativo ler como en 2006, o PP usaba como arma de combate dialéctica que as brigadas non estiveran listas antes do 28 de xuño. En 2013 resulta que o estiveron ben máis tarde.

O abandono do rural é demasiado serio para deixalo na man dese pim-pam-pum partidario

Non se decatan que ese pim-pam-pum, é raiante. A xente ten memoria. A xente ve o que pasa. A xente sabe que desde o último lume no Pindo e Carnota –e poñemos este exemplo polo singular valor paisaxístico do caso, unha paraxe única no mundo-, os toxos medraron sen parar. Foron oito anos de produción incontrolada e imparabile de combustible. Ultimamente medían dous metros.

O problema do abandono do rural é demasiado serio para deixalo na man dese pim-pam-pum partidario. Cómpre unha vontade de acordo, seria, desde abaixo, que lles obrigue a reaccionar. Hai que procurar crear redes de pensamento e acción por un medio rural vivo, crear foros e alianzas renovadas e plurais, sumar, marcar o camiño de acción a emprender, xa que estamos fronte a unha auténtica emerxencia nacional.

Estamos quedando sen medio país. Estamos rotos e escindidos nunha esquizofrenia socio-económica e medioambiental: unha metade da xente no paro arredor dunhas urbes incómodas, ruidosas e crecentemente problemáticas e unha enorme superficie do territorio, cun altísimo potencial produtivo, que está deixado a monte.

Efectivamente, Galicia tende a ser asfalto e monte “a monte”, monte combustible, monte fatal. Non dan para máis os nosos gobernantes e os seus correlativos opositores? Non damos para máis como sociedade?

Rumores de esperanza

Xan Guillén



O outro día falaba da boa calidade da banda deseñada galega. Eu hoxe quero lembrar a boa calidade da obra dun autor chamado Pepe Carreiro. Seguro que coñeces e oíches falar dos Bolechas. Son seis irmáns (Carlos, Loli, Pili, Sonia, Braulio e Tatá) e un can (Chispa) e realmente as súas historias son boas, están ben debuxadas e ben presentadas.

Realmente aos nenos e nenas gústanlles as súas aventuras. Son historias moi achegadas á realidade e son moi educativas. Se tedes que agasallar a algún neno ou nena podedes facelo

cun libro desta familia. Ademais agora están en edicións Bolanda.

No momento en que escribo estou coa doce resaca da Romaxe. Que ben o pasamos. Dá gusto gozar coa mesa compartida. Dá gusto estar con tantas amizades coas que falar, apertar, bicar e bailar. Dá gusto gozar co bo traballo de tanta xente que fai posible a Romaxe. É que se o pensamos ben hai festa, hai palabra, hai compromiso, hai transcendencia, hai reflexión, hai pan compartido... disque non hai Eucaristía?

1



3



2



4



A peneira

1

Deixounos **TERESA LOSADA**, franciscana de Becerreá, pioneira no diálogo coa cultura árabe. Seguín a súa obra a través da súa parente Marica Campo, que lembra o seu carisma: "Eu non crería nun Deus que non me fixese máis humana". Fundou o Centro Bayt que atende a 4000 inmigrantes ao ano. A Cataluña solidaria ergue a súa xenerosidade.

2

MANDIÁ, unha parroquia activa en Ferrolterra, vive as festas lembrando a Concepción Arenal porque os avós maternos foron desta veciñanza. O crego, Xaquín, ben sabe do seu ensino: "Odia o delito e compadece o delincuente", gravado nos cárceres moito tempo. É honrada en Lugo con este monumento ao pé do cárcere vello.

3

O 2 é o "Día das **AVES** migratorias". 10.000 especies, 7000 en América, están en perigo por pesticidas, rañaceos, deforestación... Con transmisores recargados con placas solares suxeitos ás aves, séguese por teléfono a rota e estúdanse hábitos. Atravesan 5000km. do Atlántico sen descansar.


4

700 colleiteiros de **PATACAS**, coma as de "kennebec", con denominación de orixe, conquistan espazos nas cadeas de distribución na Terra Chá, a Limia, Lemos, a Mariña, Bergantiños... Nestes lugares buscan cuadrillas de temporeiros para a colleita, ata seren envasadas en máis de 10 plantas.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 30 é o Día do **TRADUTOR**, vital para a lingua e pouco apoiado. Celebramos a versión ao inglés de *Cantares Gallegos...* O máis traducido é *O lapis do carpinteiro* -máis de 30 linguas-, A protagonista está inspirada nunha muller, Chonchiña, que vén de finar no exilio en México. Agora viu a luz en coreano, igual ca *O único que queda* é o *amor* de Fernández Paz.

6

Foron dous os escapes de gas nunha semana en **ENCE**, denunciados polo concello de Pontevedra. A contaminación bacteriolóxica segue destruindo a Ría de Pontevedra dende a pasteira de Lourizán. Na foto, unha manifestación da Asociación pola Defensa da Ría.

7

O 27 é o VII Encontro sobre Medio Rural -lembrando os mestres Avelino Pousa e Valentín Arias- na Granxa de Barreiros e organizado pola **NOVA ESCOLA** Galega. Alí van coñecerse experiencias de dinamización sociocultural no agro (981562577) para liberalo da desfeita capitalista.

8

Na Eira da Xoana (A Golada), o 28 e convocados por Adegas, celebramos a loita de **LEOPOLDO** López Rego. Pasionista en Melide, foi detido na ditadura por militante da esquerda nacionalista. Coma avogado converteuse en valedor e guieiro de labregos e labregas contra a opresión, xunto con Moncho Valcarce.

Ás Furtadelas Non sexamos idiotas

José Manuel Barreal San Martín

“Non me fales de política” e “Eu paso de política” son frases que sempre se escoitaron; pero agora máis. É verdade que o nobre desempeño da política está cheo de mangantes e que, como voitres, algunhas persoas van a ela en busca do seu propio interese; no entanto, conveñamos que non todo é así e que hai persoas boas no servizo da política.

Para empezar, sería bo que nos aclaremos, aínda que só sexa esquemáticamente, sobre que é e que significa a deostada “política.” Empezarei di-



cindo qué non é política: non o é (só) votar cada catro anos; tampouco o é privatizar e servirse do posto para o que se foi elixido ou elixida. Non é política, en fin, o que está a ocorrer neste país, onde as actuacións dalgúñas persoas e organizacións só están para prostituír a deficiente e mínima democracia que nos queda. Ou mellor, é política lixo, como a comida ídem, que ademais non alimenta.

Político, na súa raíz etimolóxica, significa “cidadán/cidadá,” entendendo por tal a quen fai do público o centro do seu interese, participando na “política,” é dicir na vida cidadá, máxime se son persoas elixidas pola cidadanía. É política, aquilo ao redor do que todo xira: o dereito ao traballo, á educación, á sanidade, á limpeza das rúas, o dereito á vivenda, ás festas do pobo, etcétera. Iso é, sinxelamente, política.

Cando se exclúe ao cidadán desa participación, cando se monopoliza a mesma por “os políticos” ou por expertos ad hoc, non se está facendo política. É outra cousa: é privatiza-

A miña particular homenaxe a Francisco Fernández Buey, no aniversario do seu falecemento

ción do público, da “praza pública,” da ágora. Así, no presente político mírase polo particular, para o propio embigo; sen considerar coma noso o contexto social e político no que nos desenvolvemos e interactuamos co outro.

Na antiga Grecia, antes da era cristiá, e non por casualidade, onde Aristóteles acuñou o termo *zoon politikon*, “animal social,” para referirse ao ser humano como animal que posúe a capacidade natural de relacionarse politicamente, ou sexa de crear sociedades e organizar a vida en cidades, tiñan outro termo: *idiotikós*, que definía a quen “pasaban” de política, mesmo cando gobernaban; son os que antes e agora só se preocupa(ba) n polo seu, mostrando un total desapego polos demais, polo público. Son os idiotas; aquelas persoas que din “isto non vai comigo”; con todo, se “isto” se soluciona ou se consegue, reclaman o seu parte alícuota. É dicir, ademais de idiotas, son cínicos.

Porque pasar de política, ser idiota, implica que as pensións, a protección social, a xustiza, os dereitos laborais, a sanidade, a educación, etcétera, queden en mans dalgúns políticos, desas persoas que con razón desprezamos.

A política faise intervindo na sociedade, na nosa contorna. Faise querendo saber que pensan os demais. Hai que ser educadamente impertinente. Faise desde o debate, e contra os e as mangantes que, ocupando cargos electos ou non, fan da súa actuación un particular casarío.

Trátase de recuperar a ética para a política, de facela boa para o bo vivir da cidadanía. Trátase, como diría o falecido profesor Francisco Fernández Buey, de “facer da política a ética do colectivo.” Por iso, non sexamos idiotas.

Extraído do nº 116 da revista *mientras tanto* (setembro 2013) (www.mientrastanto.org)



elroto@inicia.es



O peto común Á SOMBRA DE CABRUI

Manolo Regal Ledo

Cabrui é unha pequena parroquia do concello de Mesía, na Coruña. Hai poucos días fun invitado a este lugar polo crego Víctor Blanco Naveira. Tiña que falar, conversar, compartir sobre da escoita da Palabra de Deus, da Palabra humana, con algunhas das persoas alí congregadas para celebrar o encontro anual de URCA, esa organización xuvenil que busca desenvolver e celebrar a harmonía natural entre a expresión artística de calquera clase que sexa e a fe.

Cabrui é unha parroquia máis do rural galego: sae o sol polo leste e pousa polo oeste, os loureiros conservan o vello oficio de rodearen as casas para as gardar dos temporais do inverno, medran as herbas nos prados con teimosía, desafiando a seca; hai casas ben amañadas, acollendo xente, moita dela ben entrada en anos e nostalxias, e, polo medio, algunhas casiñas despedíndose xa do seu oficio santo de acubillar xentes e soños durante anos e anos de loita e pranto e festa.

Cabrui é unha parroquia á que, como a calquera outra de Galicia, non se pode ir co afán de falar de escoita, senón coa humilde disposición de escoitar. E as palabras xorden caladas de calquera recanto, por máis que a orde do día me levase a acougar na casa do crego, unha antiga corte de ovelas, a Raíña, na que hai cama feita e, a carón, espazo de oración cheo de símbolos que teñen moito que ver coa historia particular deste crego orixinal e das persoas que o acompañan día a día nos seus soños, nas súas benditas tolerías.

En Cabrui falan as pedras, falan as árbores, falan as noites, falan os días, fala o silencio, fala a palabra. En Cabrui óese a tenrura, o abrazo, a esperanza, a imaxinación, a liberdade, a fondura. En Cabrui óese a Deus que foi desprezado. En Cabrui óese a xente que andou derrotada.

Se ides a Cabrui, e faredes ben en ir, non vaiades para falar de escoita coma min, senón que para escoitardes. Volveredes cun par de pombas nas mans.



O CARRABOXO por JOSÉ LUIS



Entrevista Rosa Cal

Antón Aneiros e Anxo Currás

Los curas contra Franco

Durante o franquismo un grupo de curas de Ferrol foron castigados por propaganda ilegal, tanto polos escritos como polos discursos-homilías da igrexa ou enterros. Tamén polas lecturas que facían con libros e revistas prohibidos pola censura, por abriren as igrexas aos obreiros, por participaren nas manifestacións, en resumo por loitaren polas liberdades e os dereitos humanos que España nunca asinou. Isto é o que recolle o libro do que falamos, en cuxa portada se mesturan os tres poderes: o franquismo simbolizado polo Val dos Caídos, a igrexa polo campanario, e a fouce e o martelo porque eran “os comunistas” por estaren ao lado dos necesitados. A historia, aínda que se vive en Ferrol, pode ser extrapolada a toda España: clero vasco (para eles fíxose o cárcere concordatario de Zamora), os cataláns, Madrid, Andalucía, Asturias e mesmo as outras provincias galegas.



Rosa Cal a autora do ensaio.

Nesta reflexión xuntámonos Anxo F. Currás, un dos protagonistas dos feitos, hoxe secularizado; Antón Aneiros que, inaugurou a parroquia de San Pablo en Ferrol hai cincuenta anos, nunha zona coñecida como “a cidade sen lei”; secularizado dende o ano 1974, exalcalde de Narón e exdiputado no parlamento galego; e a autora Rosa Cal, ferrolá, mestra na súa escola Aynet de Ferrol até o 1977 e despois en Madrid onde acabou dando clases na facultade de xornalismo. Antón e Anxo entrevistan a Rosa.

que era o que os unía, como actuou a xerarquía local ante as súas accións, etc.

Anxo: E que impresión tes sobre as actuacións dese grupo de cregos?

Eu evito valorar os feitos, o que procuro é ter moita documentación para presentalos sen desvirtualos. A actuación do grupo foime captando pouco a pouco e pensaba que estaban na verdade do evanxeo e da doutrina social do Vaticano II. Algún, como Vázquez Seijas, foi todo un descubrimento. Tamén Vicente Couce, entregado totalmente ao apoio dos obreiros. Aneiros foi un cronista “da oposición” case perfecto. Currás, un propagandista dos dereitos e denunciante dos males da ditadura coa palabra: homilías ou responsos nos enterros; Cuco, un “factótum”; buscaba revistas fóra de Galiza, chamaba a conferenciantes na liña da loita polas liberdades, daba aloxamento en Madrid aos que ían a xuízo, etc. Despois estaba Chao, que era o fermento teórico que impulsaba á praxe. Para min as actuacións do grupo foron necesarias e acertadas, e fixéronme concluír que aquela era a igrexa de Xesús de Nazaré, a igrexa salvadora, a igrexa en *aggiornamento* constante, a igrexa viva signo de cada tempo cambiante. Resumindo: o que

estaba Chao, que era o fermento teórico que impulsaba á praxe

Antón: Que foi o que te levou a emprender a investigación sobre os curas de Ferrol?

Hai sete anos era moi importante para min estar a maior parte do tempo en Ferrol, para poder atender a miña nai, por iso precisaba un tema de investigación que fose galego. Outro punto decisivo foi a reflexión sobre os amigos de Anxo, xa que case todos foran multados e algún estivera no cárcere. De aquí pasei a facerme múltiples preguntas: como se formou o grupo, por que foron tan atrevidos,



hai que recuperar pero non en grupo senón en plan xeral na Igrexa.

Antón: Que perspectivas vías, como autora, nas actuacións do grupo ferrolán para que merecesen un libro?

Algo xa vai contestado no punto anterior. Engado que os que defendemos o progreso, o pensamento libre, a corresponsabilidade e a xenerosidade, nese grupo encontramos todo iso. En Ferrol, naquela época eran considerados “curas comunistas”, os malos, os rebeldes; algunhas nais non querían que casaran as súas fillas porque pensaban que ían mal casadas. O estudo a fondo convenceume de que, ante a ditadura que se sufría, eles eran os que tiñan a razón, valentes de darlle a cara e descubrir os males do sistema. Determinei que había que contalo para que nunca se esquecese, ou para evitar que outros contaran os feitos apañando a brasa para a súa sardiña. Hai moitos casos bonitos e increíbles coma a carta de Vázquez Seijas que tanto me costou conseguir; a despedida de Argaia despois do fracaso da procesión do Corpus, a do Vicario Capitular que debeu suar arreo cos presbíteros incontrolables; a dor de Araúxo polas ameazas e desexos de voltar á guerra civil para acabar con todos eles; a carta de Vicente desde o cárcere de Zamora ao pai, a semblanza de Argaia feita por Raña, ou a repentización do interrogatorio policial que fixo Aneiros. Todos eses casos concretos, e máis, son os que enchen as 500 páxinas.

Anxo: O libro, en grande parte, segue os informes policiais. Foi doado facerse con ese material?

Como o tema era moi serio, e como aínda hai quen defende a ditadura franquista, eu quería documentos que os apoiasen, para que non os tomasen por tolos ou inxenuos. Como nas ditaduras, sexan de dereitas ou de esquerdas, sempre hai a policía política cuxa obriga é manter o ideario a base



Manifestación en Ferrol nos días críticos

de censura total e prohibir a liberdade de expresión, era sabido que un membro da “secreta” seguía a cada un deles. A vida pública estaría neses informes, tiña que conseguilos aínda que fose ben difícil porque estaban no arquivo do Ministerio de Interior. Sempre me esixiron que presentase unha autorización e fotocopia do carné de cada un. Unha vez que che conceden o permiso todo é gloria, pero non podes sacar da sala nin un anaco de papel e só podes entrar cun lapis.

Rosa: E agora preguntovos eu, que opinades do que saíu deses arquivos policiais?

era sabido que un membro da “secreta” seguía a cada un deles

Anxo: A policía era coma a santa compañía, non se separaban de nós. Moitos cartos deberon gastar para seguirmos. Sabían todo: cando entrabas, cando saías, cando viaxabas, as cartas que traía o carteiro, quen te visitaba no convento cando estabas retido... Eu, infeliz de min, nunca pensei que estiveramos tan controlados, até na igrexa tiñamos espías. Eu botei a un e tiven serios problemas.

(Acordan Antón e Anxo que, ás veces, era como se nas asembleas houbera algún infiltrado, por exemplo nas reunións de Masma e Ribadeo, “sabían o que estabamos a tratar?” Entraba dentro do posible que un



○ contexto era o que era

Política A clave de Bóveda

Daniel López



Presentación do libro en Ourense

partícipe, non moi comprometido, se puxese ao servizo da policía secreta.)

Antón: Algún que por amor a Deus e ao Réxime delataba, contaba por nos salvar, porque de seguro que cavilaba que nós andabamos perdidos, descarreirados, contaxiados do comunismo.

Anxo: Recordo que no comezo dos anos sesenta D. Francisco, o párroco de Viveiro, recibía periodicamente un membro da policía secreta para que lle contase, con toda normalidade, porque o párroco era o servidor da autoridade que salvara a España, e se mantiña fiel aos principios do nacionalcatolicismo.

Rosa: Todo o que fixestes, foi unha perda de tempo?

Antón: Eu cumprín oitenta anos este mes pasado, miro para atrás constantemente e sempre chego á mesma conclusión: non perdín o tempo nin daquela nin na acción político-administrativa posterior. Na acción relixiosa estou convencido de que me deixei levar, funme deixando levar pola situación que encontrei en San Pablo, o que me motivou foi a parroquia, os xitanos. Pouco tempo tardei en me decatarme de que o meu pensamento e mais o que sentía e vivía era o mesmo. Quero dicir dúas cousas: o grupo foi imprescindible como apoio e como loxística de acción, era unha

piña. A outra, refírese a Chao: el influíume moito, teño falado horas e horas con el, viaxaba comigo, cando iamos a Santiago aos Coloquios...

Anxo: A formación social foi cuestión do grupo, ver a realidade das familias obreiras cheas de miseria e ignorancia, a loita de Antón polos xitanos, as manifestacións, os panfletos, o reparto de propaganda, a implicación na vida día a día. Dende o ano 1968 eu vivín bastante a relación con uns e outros, pero ao saír, e ver esta historia, deslúmbreme que puide-

estrañoume moitísimo que na presentación en Ferrol non houbera nin un só crego en activo

ramos chegar a facer o que fixemos, ante unha igrexa con moita rémora e moito apego ao poder, que chegásemos a actuar tanto como fixemos...

Anxo: Qué impacto esperas que produza a lectura do libro?

Que se incorpore á historia de Ferrol. Foi bonito o que dixo Torres Queiruga na presentación en Santiago: “Este estudo debía ser obrigatorio lelo nos seminarios”. Tamén o xornalista Paco Varela ao comezo comentou “pero non estaba dito xa todo o de Ferrol?”

só uns días despois chamoume para dicirme que o lera durante unha noite, dun tirón e “agora si está todo dito”. Tamén forma parte da historia da igrexa, da igrexa afastada do Réxime; e tamén se ven nos feitos os controis e imbricacións dos militares coa xerarquía relixiosa e política, no caso de Ferrol cun poder tan forte que se impuña a todas as autoridades civís ou relixiosas.

Anxo: Xa que citaches as presentacións, digo que a min estrañoume moitísimo que na de Ferrol non houbera nin un só crego en activo, a sala estaba a rebentar de xente, pero nin un só crego. A liña renovadora comezara xa coa XOC e HOAC, seguiu co Vaticano II, e esgotouse na transición debido, quizais, a dous motivos: cambio da temática de loita temporal, xa non será polas liberdades senón polo nacionalismo cultural, económico e político; e porque a igrexa de Roma abandonou o Vaticano II e tomou camiños involucionistas. Os tempos vindeiros, co Papa Francisco na dirección da Igrexa, dirannos se andabamos por bos camiños.



Antón Aneiros e Anxo Currás

Propoñemos os principais trazos distintivos das profecías.

1º. Revelan que Iavé actúa na historia humana

Os tempos e espazos da acción divina corresponden cos da acción humana. Por tal motivo o pobo de Palestina (chamado tamén de Israel) concibe a súa propia historia como historia sagrada. Xa sinalamos que esta vivencia une o humano co divino e será desenvolvida a través do concepto de Alianza. Unha Alianza para a salvación, que se traduce en valores como liberdade, benestar, vida digna... A salvación non é algo abstracto senón algo efectivo que influirá na historia, na organización sociopolítica, no goberno, na lexislación.

2º. A profecía indica o curso da historia

Aínda que o Profeta non sexa quen de comprender polo miúdo a súa profecía, sempre está en condicións de predicir o curso xeral que seguirá a historia do xudaísmo, para ben e para mal.

3º. Ningunha profecía expresa a realidade completa

Cada Profeta só ten unha visión fragmentada e insuficiente do plan salvífico de Iavé. A parcialidade da visión non invalida a verdade da súa profecía, senón que xera humildade e a esperanza de comprender máis e mellor. Os Profetas coñecen ben a orixe da súa ensinanza e, polo mesmo, atrévense a dicir, sen ningunha arrogancia: *“Así fala o Señor Iavé”*.

4º. As profecías van a contramán da xente

As profecías son inquietantes. Poucas veces satisfan o sentimento xeral e as

apetencias do pobo; por tal razón ser Profeta é incómodo, perigoso. Cando o pobo está durmido no conformismo, eles predicen a insubmisión; cando hai paz, anuncian a guerra; cando hai prosperidade, anuncian a fame... Os Profetas son testemuñas de que os plans de Deus non sempre coinciden cos plans dos seres humanos, e expresan abertamente o que Deus ordena falar para destruír e construír, para soste e consolar, para denunciar e anunciar.

5º. A profecía non é catastrofista

Sempre remata anunciando a futura conversión e a restauración relixiosa e moral. O anuncio dun castigo queda aberto á esperanza e certeza do perdón e da salvación. Iavé sempre será fiel á Alianza, nunca abandonará o seu pobo, a pesar das súas infidelidades. Certo que “o pecado nacional” recibirá un castigo, pero despois do castigo, do exilio, chegará a hora do regreso, da paixón, do perdón.

6º. A linguaxe profética é simbólica, pero tamén sinxela

A profecía transmítese mediante símbolos ou imaxes non sempre fáciles de interpretar. Pero a linguaxe é sinxela, chea de sentimento, impregnada de realismo, describindo a situación en termos de inxustiza, de explotación dos pobres, de cultos falsos, de consumismo e bebedeiras, de alianzas políticas inaxeitadas...

7º. A profecía é anunciada por unha persoa do pobo

Unha persoa/oráculo, que nunca queda á marxe das preocupacións da vida diaria.



8º. A profecía mostra o Profeta como persoa devorada polo celo de Iavé.

Un celo que é tamén oración agónica, mesmo amorosa confrontación.

Aínda que no curto prazo as profecías foron polo común desatendidas, a influencia que tiveron no desenvolvemento relixioso e moral do xudaísmo foi “axial”; crucial. Estas foron as súas achegas:

1ª. Explicaron a unidade, transcendencia e santidad de Iavé. Os Profetas separaron a relixión das prácticas ostentosas, materialistas e mercantís.

2ª. Dotaron a relixión xudía dunha ética orientada á xustiza e altruísmo. Os Profetas significaron a renovación e maduración da fe nunha liña de interioridade e compromiso social. *“Quero o amor e non o sacrificio, o coñecemento de Deus máis ca os holocaustos”*; di Oseas.

3ª. Anunciaron a promesa mesiánica, que aviveceu a esperanza dun reino de xustiza e paz que o Cristo instauraría.

XXXVI Romaxe

A Romaxe corría présa (e case chegamos tarde)

Marisa de Corme



A esperanza corre présa e andaba algo perdida cando ía para a Romaxe. Sabía que nunha carballeira había tres milleiros de romeiros e romeiras esperando por ela, pero unha man negra arrancara as marcas do camiño, e houbo de dar voltas polo monte con medo a non chegar a tempo. Na súa busca, no medio do monte, cruzouse coa Madalena que lle preguntou: “Por onde se vai á Romaxe?” Non o teño moi claro, respondeu Esperanza. Levo tempo dando voltas na súa procura pero presinto que non está lonxe. Hai un bo feixe de xente seguíndome. Imos ir cara adiante, que de seguro atoparemos o camiño.

Presentación. O sitio e a acollida

E así foi. Nunha desas voltas a carballeira abriuse diante dos nosos ollos. Alí estaban xa o palco, a música,... e a xente, que ía chegando malia as dificultades. E houbo un bo vaso de viño do Ribeiro e un anaco de pan de Cea para quen chegaba. Estabamos no Carballiño, na XXXVI Romaxe de crentes galeg@s, en Santa Uxía de Lobás, ao pé da capela da Madalena.

No século XV, neste mesmo lugar, unha reforma bieita máis preocupada polo poder que polo *ora et labora*, levava por diante unha abadesa e a súa comunidade monástica para engordar os bens da inmensa abadía de San Paio de Antealtares, en Compostela. O 12 de setembro de 2013, na Romaxe de Crentes Galeg@s conxuramos á Esperanza para reafirmar as

Ninguén pode roubarnos a esperanza

loitas das mulleres, aldraxadas e esquecidas ao longo da Historia, pero que seguen a transmitirnos a súa forza e coraxe.

Acolleunos o saúdo agarimoso de Pepe e Olga, confrades da Madalena, que nos recordaron que hai que seguir loitando, hoxe coma onte, contra quen quere abusar do seu poder e estragarnos a vida. Un retrouso musicado pola Quenlla serviunos de esconxuro para convocar á Esperanza e ao espírito das mulleres loitadoras: Ninguén pode roubarnos a esperan-

za, esa estrela que nos ergue e nos axuda, esa luz que é o guieiro nesta noite, coa verdade, co fulgor do Sol e a Lúa!!

Nó. As tres Marías e Rosalía

Nestas estabamos cando se presentaron na Romaxe as nosas tres Marías: María Balteira, María Soliña e María Castaña. Apoiadas pola Esperanza foron quen de arrepoñerse ao pesimismo, que pretendía amolar as nosas ilusións. Esperanza animounos a levantarnos outra vez dende a dura derrota, e seguir loitando, e tróuxonos o recordo doutras moitas mulleres afoutadas, dende Exeria ou Pepa a Loba ata as irimegas Carme Puente, María Wirtz ou Herminia Éstoa. E que diriades!!! Na romaxe tamén estaba a nosa santiña, Rosalía de Castro, que saíu de entre a xente para falarnos da súa loita illada e silenciosa. Os seus versos foron a forza definitiva para acabar botando fóra das nosas vidas a Pesimismo.

O momento central da celebración vivímolo con Marta e María de Betania e María Madalena, que nos recordaron a figura de Xesús, o seu xeito de animar os corazóns, de amar e compartir. Madalena contounos do seu amor por Xesús, e desfixo os ruxe-ruxes que sobre ela inventaron as mentes monotemáticas, esas que ou ven sexo ou non ven nada (que habelas hainas, e moitas, tanto dentro como fóra da Igrexa). Madalena explicounos que o amor de Xesús non é exclusivo nin excluín-te, e como ela mesma aprendeu a abrir o seu corazón e a amalo sen querelo exclusivamente para ela. Todos nos emocionamos



da comunidade de Mandiá, en Ferrol, fixéronnos acougar de todas as emocións do día e meditalas no noso corazón para saír a espallar por toda Galicia que a próxima Romaxe, a XXXVII, está xa en marcha. Vémonos alá!!

mos cando, despois desta confesión, colleu o pan, partiuno e repetiu aquel xesto, tan sinxelo pero tan fondo: “tomade e comede, este é o meu corpo”

Antón, un amigo ao que vexo de Romaxe en Romaxe, confesoume que non soubo en que momento da celebración notou que lle escorrían as báboas pola cara. E o peor é que mirou ao seu lado e tamén Valentín estaba

As Romaxes poñen en pé de obra a moitas, crentes e non crentes

emocionado.... É a maxia da Romaxe, o espírito de Xesús que nos enche o peito. Partir un anaco de pan nunca é igual e na Romaxe ten un sabor especial. É o pan que sacia a nosa fame e sede de amor e de xustiza!!

E cantamos o Credo do noso recordado e benquerido Bernardo, e o Noso Pai que para a Romaxe escribiu Pepe Chao. Coma sempre, bailamos a Rumboia, dándonos a paz e berrando o noso himno Galego, conxurando para todas e todos ese fogar de Breogán, matria común.

O Berro Seco foi o noso empoderamento definitivo. En tres ondas ex-

pansivas fixemos chegar os ecos da romaxe a todas as mulleres e homes que na historia souberon loitar pola paz e a xustiza.

Sobre nó. Graciñas a todos e vémonos para o ano en Mesía

No remate da celebración, a confraría da Madalena entregou o ramo da próxima Romaxe ás xentes das Virtudes. Para o 2014 quedamos citados nas terras de Mesía, Xanceda e Frades.

As Romaxes poñen en pé de obra a moitas, crentes e non crentes, que son quen de sintonizar coa nosa onda de fe e galegitude. Na celebración colaboran moitas persoas: técnicas de son, montadoras de palcos e carpas,... Enriba do escenario, Xabi Blanco guiou a quen participou en cada momento: Pepe e Olga; Bea, Rosa, Marisa, Clara, Pepe e Comba; Beti, Mónica e Eva; e, por suposto, a Quenlla que brindou cancións a esgalla. O texto da celebración foi obra de Baldomero Dobarrio, Mero, e Manolo Regal.

Desenlace. A oración da tardiña

Pero aínda non acabou todo alí. Pola tarde esperábanos a traca final feita arte, pedra e luz no templo da Veracruz. Todo un luxo de arte modernista do arquitecto carballinés Antonio Palacios, rematada en 1975. As xentes

O noso taboleiro



Rodri coa súa (defunta) Isa, persoa solidaria, tenra, chea de humanidade e dozura, que deixou fonda pegada na comunidade de Vangarda Obreira

4ª Xuntanza “POMBA DOURADA” na memoria de Pacita-Paco

DATA: Sábado 5 de outubro de 2013

LUGAR: Hotel Crunia, Avda. Fonteculler, 58. Culleredo. A Coruña

HORA: 21:00

PREZO DA CEA: 25 euros

PARA APUNTARSE: Hosanna: 636 190 689 e 981 656 234
hosannafn@yahoo.es

Alfonso: 606 816 047 e 981 284 919

amascunana@edu.xunta.es

(Avisade antes do 30 de setembro)

A xuntanza quere celebrar as vidas de Pacita e Paco. Pensamos que unha maneira de facelo (coa que eles se sentirían contentos) é que as persoas que os quixemos e admiramos teñamos un encontro.

“Pomba Dourada”, porque esa poesía cantada entoámola con eles moitas veces. E porque demos en pensar que simbolizaba dous elementos polos que loitaron, e que formaron parte das súas vidas: a Tenrura e a Paz.

Encargamos o deseño dunha figura en cerámica que cada ano poida recibir unha amiga, un amigo (compañeiras, compañeiros) que, co seu facer e estar, seguen a manter vivas a **Paz**, hoxe Xustiza, e a **Tenrura**.

Este ano recibirá a Pomba Dourada **Rodri** (Rodrigo Saavedra).

No encontro teremos tamén un momento para a música e a palabra.

Agardámosvos. Unha aperta.

Comunidade Cristiá “Vangarda Obreira”




Curas contra Franco. Unha memoria da Igrexa ferrolá de base

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripción@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

Boa Nova



**DOMINGO 29 DE SETEMBRO. XXVI
DO TEMPO ORDINARIO**

Lc 16, 19-31

Naquel tempo, díxolles Xesús aos fariseos: "Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba todos os días espléndidos banquetes. Ao pé da súa porta xacía un pobre chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando matar a fame co que caía da mesa do rico; e mesmo os cans se achegaban a lle lambe as chagas. Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ao seo de Abrahán. Morreu tamén o rico, e enterrárono. Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abrahán e mais a Lázaro no seu seo. Entón suplicoulle dicindo: "Ai, pai Abrahán, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume". Pero Abrahán contestoulle: "Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres

Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento. Ademais, entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir onda nós". Entón el insistiu: "Suplícoche, pai Abrahán, que o mandes a casa do meu pai, onde teño cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan dar a este lugar de tormentos". Pero Abrahán

respondeulle: "Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles fagan caso a eles". El volveu insistir: "Pero non llelo van facer, pai Abrahán, non; se un morto vai onda

eles, seguro que se converterán". Pero Abrahán replicoulle: "Se a Moisés e mais aos Profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado".

O Reino é dos pobres

Hoxe atopámonos cunha palabra moi coñecida, cargada de contrastes e moi desafiante. É un texto exclusivo do evanxelista Lucas, que evidencia unha das súas grandes preocupacións: a cobiza dos ricos.

Na narración evidéncianse as claves relixiosas e económicas que rexían as sociedades na antigüidade. A descrición detallada dos dous protagonistas da parábola mostran o abismo social que existía entre ricos e pobres. Nun mundo, no que se tiña conciencia de que os bens da terra eran limitados, se alguén tiña moito outros ficaban sen nada. A xustificación desta desigualdade baseábase en Israel nun principio relixioso: que ten unha boa vida é que é fiel a lei de Deus. Isto era evidente que non se cumpría, é a parábola ven a evidenciar a súa falsidade.

A segunda parte da narración sitúase no ceo, onde cada un dos personaxes reciben a súa recompensa. Pola contra do esperado é Lázaro quen é recibido "no seo de Abraham" e non o rico. O cambio de situación responde a unha soa verdade: O Deus de Israel berra a favor dos pobres en cada recuncho da Escritura (Moisés e os profetas) e os ricos seguen a se autocompracer nas súas riquezas, seguros nos privilexios que lle da o seu estatus.

A menxase de Xesús troca e denuncia esta realidade. Non é cuestión de dar as faragullas que caen da mesa e se sentir seguro coma fillo de Abraham. O Reino é dos pobres, e non bastan algúns xestos de xenerosidade que non cuestionan a cobiza. Trátase da gratuidade que racha as dinámicas mercantís e abre os camiños de xustiza que Deus quere.

Carne Soto

"Ehhh? que non che facemos caso? como o sabes! Nin morto nin resucitado, e non será polas cantidades de cruces e imaxes, pasos de procesión e outros intentos impropios (polo visto) para facernos lembrar que aí estás, con feixes de paciencia, con brazos de amor no corazón a reverter, con quentura de lar a escintillar nos ollos para alumear os nosos camiños. Tampouco facemos máis caso dos pobres que ateigan as nosas rúas, a pedir esmola ou apertas, mesmo ás veces nas nosas familias. Cantas veces... son a rica chea de razón e estupidez que esquece que estás aí, aí, aquí, agora, nesa muller que onte choraba na romaxe, río de bágoas que non paraba, tiña as mans frías e o corazón feito anacos pola pena. Non sei porque choraba mais quería chorar con ela.

Dígocho de veras, a ti que levas por nome Salvación que vén da Fonte de todo amor, se os meus ollos non ven a miseria, mellor cegar, se as miñas mans non apertan a tempo, para que as quero? Se o corazón non me arde ao recoñecerte na irmá, no irmán, xa estou con rico de marras, a confundirme na morte. Non no alén da túa fermosa parábola, mais aquí e agora, xa, quero deixar de rir e fartarme a carón de quen pasa fame, de pan e de amor. E compartir, de palabra e corazón sen parar."

Christina

Falando da lingua

Lidia e Valentina



e para polbo
o tamén

El Carballiño (ou incluso El Carballino!), cantas veces o oiriamos E ó lado ... El Porriño, San Cristóbal, Mellid, Rianjo, Rajó, Seijo, Poyo, La Coruña Non se salva ninguén, a lista pode ser moi longa Si, porque o de “Roblecito” xa ten unha boa volta de retranca, pero as outras todos e todas sabemos que son reais coma a vida mesma, tanto na fala coma na escrita, tamén na rotulación pública, a pesar do artigo 10 da Lei 3/1983, na que se declara que “Os topónimos terán como única forma oficial a galega”. Hai aínda quen non quere darse por informado

pero é así. Aínda que se estea a falar en castelán, tanto en Galicia coma en Madrid: se se fala de Ourense ou do Carballiño, hai que dicilos e escribilos así, en galego. A deturpación da toponimia é un atentado moi grave, non só lingüístico, senón cultural, peor ca dicir “No te se”. Ao castellanizar os nomes dos lugares que teñen, moitos deles, máis de dous mil anos, estamos abandonando o noso pasado, a nosa historia. Os que fomos á XXXVI Romaxe non dixemos El Carballiño, topónimo que normalmente só se emprega falando en castelán, pero

hai algún nome de lugar que a xente, tamén a galegofalante, usa xa sempre en castelán: A Puebla, O Jallas, Villalba, Lorenzana... escotámosllo á xente falando galego. Alá vai unha parte do noso patrimonio inmaterial destruído e sen sernos conscientes... Mesmo Santa Uxía pasou a ser Santa Eugenia para moitos carballineses e carballinesas, ou para os e as carballiNenses...

E xa postas, aínda lle damos un repaso á gramática recordando que as preposicións “de” e “en” contraen sempre co artigo determinado (o, a, os, as) (vai no cine, ven da cidade; vai na vila, vén da casa). Si, cos substantivos parece que está claro para todo o mundo, o caso é cando ese artigo acompaña a un topónimo. Por exemplo, vímonos en O Carballiño non é correcto porque deberíamos poñer: Vímonos no Carballiño, e alí había xente da Coruña, do Cebreiro, da Golada... Mais ás veces este artigo indefinido, non contrae de todo... Queda ao medio camino mediante un apóstrofe. Pasa iso nos títulos das publicacións, por exemplo: *Falou do autor d’A esmorga*..

O Fachineiro das burbullas

Oh! Limpismo

Ai mísero de min! Ai infelice! Así, coma Sexismundo ando aínda lamentándome polas esquinas desde que descubrín que toquiota non era un insulto. Sinto unha dor esgazadora ao comprobar que os esforzos, as sinerxias, as angueiras, os traballos, os informes e os devezos non obtiveron o seu froito. De que serviron eses soños? Tanto limpar nos orzamentos da sanidade, da educación da dependencia para isto? Tantos profes no paro, tantos cartos da pública para a privada, tantos hospitais por privatizar, tantos traballos precarizados con eficacia, tantas bol-



sas de estudo denegadas para poder pagar unha vila olímpica e... para que? O limpismo das políticas sociais quedou en auga de cocer castañas. Cando eu xa pensaba que a solución

para a concesión de calquera axuda pública era o adxectivo olímpico (preciso unha cadeira de rodas olímpica, necesito unha prótese de cadeira olímpica, se non teño unha bolsa olímpica non vou á universidade, teño dereito a unha bolsa de comedor olímpica...) véñenme con estas. Fico só co consolo dunha cup of café de pota after un sinxelo octopus á feira.

A.Q.